

**JOSE VILLAN FUERTES, SECRETARIO DA ADMÓN. MUNICIPAL,**

**CERTIFICO:** Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro do 2023, ditaminou a seguinte proposta:

**2. RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2024. EXPTE 80/142 (EXPTE 4191/1101).**

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, emite voto ponderado de conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión do 1.07.19, e por seis votos a favor (do Grupo Municipal Socialista) e dous votos en contra (do Grupo Municipal do Partido Popular mais do Grupo Municipal do BNG), rexeitando as alegacións e ditaminando favorablemente a proposta que se transcribe a continuación,

**PRIMEIRO.- INADMITIR AS SEGUINTES ALEGACIÓNS/RECLAMACIÓNS**

Alegación nº 1, presentada polo Coordinador Local de Esquerda Unidad en Vigo, nº de documento de rexistro 230410407.

Alegación nº 2, (CATRO solicitudes), presentada polo Sr. Presidente da Asociación veciñal de Teis co número de documento de rexistro 230410347.

Alegación nº 3.- presentada polo Sr. Presidente da Asociación veciñal de Teis, asinada por 604 cidadás, co número de documento de rexistro 230410369.

Alegación nº 4, presentada polo Sr. Presidente da Asociación Veciñal, Cultural, Deportiva e de Consumidores e Usuarios de Lavadores, nº de documento de rexistro 230411729.

Alegación 5ª, presentada pola Presidenta da Federación de veciños Eduardo Chao, documento de rexistro nº 230413672.

Segundo o informe de avaliación das mesmas, a síntese que xustifica a inadmisión das alegacións presentadas é a seguinte:

Alegación Nº1, non se axusta a Dereito por: i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ii) propón a inclusión de novas aplicacións de gasto ou aumento das existentes, sen estar amparadas en maiores ingresos, ou estando, non teñen unha xustificación técnica, por estaras previsións de ingresos polos conceptos de Participación nos ingresos do Estado e a previsión da Liquidación definitiva do ano 202 xa reflectidas, polo que, o incremento de ingresos solicitados é ficticio, polo que a alegación xera un desequilibrio orzamentario.

Alegacións Nº2 e Nº 3, non se axustan a Dereito, por: i) non están nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ii) propón a inclusión de novas aplicacións de gasto ou aumento das existentes financiadas con baixas de outras aplicacións non susceptibles de reducir por estar asociadas a contratos formalizados, polo que, a alegación está desequilibrada xerando un desequilibrio orzamentario contrario ao previsto no artigo 168 do TRLRFL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2023 07:54	Páxina 1 de 6
80-142	CSV: A8A137-E7DH36-2HE441-FLURK2-D74KDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Nº 4, a pretensión de adecuar a subvención á variación do índice de prezos ao consumo, non pode constituír un suposto de alegación ao Orzamento , non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL.

Nº 5, inadmitila por: i) estar fora de prazo, é extemporánea, ii) non estar nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, iii) por propor un incremento indeterminado en relación á contía e ás aplicacións, iv) por non propor un financiamento do suposto incremento de gasto

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2024, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 23 de novembro de 2023, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das alegacións que se incorporan ao expediente.

O Proxecto de Orzamento está integrado por:  
Orzamento dá Entidade Local.  
Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.  
Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

Reflicítese nesta proposta o resume por Capítulos da clasificación económicas de gastos, ingresos e por Áreas de Gastos, tanto para o Orzamento da Entidade como o do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións así co os estados Consolidados do Grupo Concello de Vigo. En relación con este últimos, os estados orzamentarios que conforman o expediente do Orzamento, inclúen unha consolidación a todos os niveis (Capítulos, Áreas, Aplicacións, Programas....)

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

Reflicítese a emenda aprobada polo Pleno na sesión do 20 de novembro, en relación cos DOUS erros na definición da aplicación.

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2024 E COMPARATIVA CO ANO 2023, ENTIDADE

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2024	Importe 2023	Variación %	Importe 2024	Importe 2023	Variación %
1	76,830,624.27	74,325,614.94	3.37%	117,410,785.66	112,173,330.00	4.67%
2	157,201,477.42	150,494,505.42	4.55%	10,922,786.87	10,615,870.00	2.89%
3	50,530.00	55,530.00	-9.00%	42,799,307.02	40,833,990.47	4.81%
4	39,058,535.66	34,498,118.09	12.77%	123,856,742.57	104,360,232.81	18.68%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	5,404,000.00	2,935,252.62	84.11%
Operc. Corr.N.F	273,741,167.35	259,973,768.45	5.30%	300,393,622.12	270,918,675.90	10.88%
6	36,049,858.26	27,860,839.12	29.39%	.00	.00	0.00%
7	939,850.05	669,444.00	40.39%	10,337,253.54	17,585,375.67	-41.22%
Operac. Cap.N.F	36,989,708.31	28,530,283.12	29.65%	10,337,253.54	17,585,375.67	-40.08%
8	500,000.00	500,000.00	0.00%	500,000.00	500,000.00	0.00%



9	.00		0.00%	.00		0.00%
Total	311,230,875.66	289,004,051.57	7.69%	311,230,875.66	289,004,051.57	7.69%

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2023-2024

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2024	Importe 2023	Variación %	Importe 2024	Importe 2023	Variación %
1	83,251,407.76	80,189,866.30	3.82%	117,410,785.66	112,173,330.00	5.00%
2	158,891,437.55	152,297,539.91	4.42%	10,922,786.87	10,615,870.00	3.00%
3	50,530.00	55,530.00	-9.00%	44,464,687.87	42,499,371.32	5.00%
4	33,053,672.66	28,668,153.09	14.74%	124,062,442.57	105,002,172.81	18.00%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	5,809,000.00	2,936,252.62	98.00%
Operac. Corr.N.F	275,847,047.97	261,811,089.30	5.36%	302,669,702.97	273,226,996.75	10.78%
6	37,429,215.13	28,977,301.70	29.17%	.00	.00	0.00%
7	2,828,046.62	739,444.00	282.46%	11,299,518.96	18,300,838.25	-0.38%
Operaci Cap. N.F	40,257,261.75	29,716,745.70	35.47%	11,299,518.96	18,300,838.25	-38.26%
8	532,000.00	532,000.00	0.00%	2,667,087.79	532,000.00	401.30%
9	.00		0.00%	.00	.00	0.00%
Total	316,636,309.72	292,059,835.00	8.41%	316,636,309.72	292,059,835.00	8.41%

Os estados consolidados reflicten os Entes con Orzamento limitativo, neste caso, Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

#### CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2023-2024, RESUME POR ÁREAS DE GASTO

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2024	2023		2024	2023	
0	Débeda Pública	.00	5,000.00	0.00%	.00	5,000.00	- 100.00 %
1	Servizos Públicos básicos	159,052,481.38	151,987,373.86	4.65%	164,457,915.44	155,043,157.29	6.07%
2	Actuación de protección e promoción social	29,692,222.21	28,891,977.37	2.77%	29,692,222.21	28,891,977.37	2.77%
3	Produción B. públicos carácter preferente	55,749,069.20	49,589,568.42	12.42%	55,749,069.20	49,589,568.42	12.42%
4	Actuacións de carácter económico	24,669,082.76	19,142,636.80	28.87%	24,669,082.76	19,142,636.80	28.87%
9	Actuacións de carácter Xeral	42,068,020.11	39,387,495.12	6.81%	42,068,020.11	39,387,495.12	6.81%
Total		311,230,875.66	289,004,051.57	7.69%	316,636,309.72	292,059,835.00	8.41%

#### RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2023-2024

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2024	Importe 2023	Variación %	Importe 2024	Importe 2023	Variación %
1	6,420,783.49	5,864,251.36	9.49%			
2	1,689,960.13	1,803,034.49	-6.27%			



3				1,665,380.85	1,665,380.85	0.00%
4	.00	.00	0.00%	6,210,563.00	6,471,905.00	-4.04%
5				405,000.00	1,000.00	40400.00%
<b>Op. Corr. NF</b>	<b>8,110,743.62</b>	<b>7,667,285.85</b>	<b>5.78%</b>	<b>8,280,943.85</b>	<b>8,138,285.85</b>	<b>1.75%</b>
6	1,379,356.87	1,116,462.58	23.55%	.00	.00	0.00%
7	1,888,196.57	70,000.00	2597.42%	962,265.42	715,462.58	34.50%
Op. Cap. NF	3,267,553.44	1,186,462.58	175.40%	962,265.42	715,462.58	34.50%
<b>T. Op. N.F</b>	<b>11,378,297.06</b>	<b>8,853,748.43</b>	<b>28.51%</b>	<b>9,243,209.27</b>	<b>8,853,748.43</b>	<b>4.39%</b>
8	32,000.00	32,000.00	0.00%	2,167,087.79	32,000.00	6672.15%
<b>Total</b>	<b>11,410,297.06</b>	<b>8,885,748.43</b>	<b>28.41%</b>	<b>11,410,297.06</b>	<b>8,885,748.43</b>	<b>28.41%</b>

## FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

As fundacións que se relacionan, que forman parte do Grupo Concello de Vigo, ao igual que o Concello e o Organismo Autónomo, quedan suxeitas ao cumprimento dos obxectivos fiscais que regula a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

### MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

#### Orzamento de Gastos e ingresos e estado comparativo

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2023	Variación		Importe 2024	Importe 2023	Variación
G. Persoal	344,692.00	336,922.00	2.30%	Ingresos actividade	5,000.00	4,000.00	
Cons. eléctrico	180,000.00	232,322.00	-22.41%	Subv. doazóns	875,000.00	1,095,000.00	-20.09%
Exposicións	40,242.00	172,763.00	-76.72%	Achegas usuarios	12,000.00	10,500.00	14.29%
Compra de obra		.00	100.00%	Cursos	25,000.00	20,000.00	25.00%
Outros g. Activ.	356,816.00	380,904.00	-6.33%	Patrocinio La Caixa	20,000.00	10,000.00	100.00%
G.Financeiros	1,250.00	1,250.00	0.00%	Alugueiros	20,000.00	19,700.00	1.15%
Amortiza. Inmv.	34,000.00	35,039.00	-2.85%				
<b>Total</b>	<b>957,000.00</b>	<b>1,159,200.00</b>	<b>-17.44%</b>		<b>957,000.00</b>	<b>1,159,200.00</b>	<b>-17.44%</b>

### CONVENTION BUREAU (CB)

#### Orzamento de Gastos e ingresos e estado comparativo

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2023	Variación		Importe 2024	Importe 2023	Variación
G. Persoal	195,653.65	189,955.00	3.00%				
Cons. e gast. xestión	25,611.35	31,310.00	-18.20%	Subv. doazóns	212,000.00	212,000.00	0.00%
Publ.mat. Promoc.	6,000.00	6,000.00	0.00%	Achegas socios	40,250.00	40,250.00	0.00%
Acc. promoción	269,470.00	269,470.00	0.00%	Out. ingresos	250,000.00	250,000.00	0.00%
P. outros entes	5,515.00	5,515.00	0.00%				
Operac. N.F	502,250.00	502,250.00	0.00%	0	502,250.00	502,250.00	0.00%



TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da XMU.

QUINTO.- Aprobar a plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

SEXTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2024-2027, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SÉTIMO.- Corrixir o erro material na aplicación orzamentaria 2310.6320010, definida como DUSI, OT9, reestruturación AT. SOCIAL, cunha contía de 240.000 euros, pola definición de INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN C.S.SOCIAIS, aplicación 2310.6320001 pola mesma contía.

Corrixir o erro material na definición da aplicación 4320.2279908 CONVENIO UVIGO PROPOSTA DE FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO POR, CONVENIO UVIGO CANDIDATURA A GEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO.

OITAVO,- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

NOVENO.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

DÉCIMO.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2024, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

DÉCIMOPRIMEIRO.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.

DÉCIMOSEGUNDO.- De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

DÉCIMOTERCEIRO.- Se o Dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral, se das mesmas se puxese en perigo o cumprimento das regras fiscais de aplicación para o ano 2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2023 07:54	Páxina 5 de 6
80-142	CSV: A8A137-E7DH36-2HE441-FLURK2-D74KDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

DÉCIMO CUARTO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 19 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

DÉCIMO QUINTO.- Dado que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10/12/2021, expediente 102791-140, unha "Instrución sobre a tramitación dos contratos menores", cuxa finalidade é a de regulamentar todo o procedemento, tendo a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro do ano 2022, a regulación contida na Base 31ª das de Execución do Orzamento terá carácter supletorio, e so se aplicará se non contradice ou xera diverxencias co regulamentado na instrución aprobada ou se a mesma regula aspectos non contidos na Instrución.

O voceiro do grupo Municipal do BNG comunica que presentará voto particular.

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.  
am



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2023 07:54	Páxina 6 de 6
80-142	CSV: A8A137-E7DH36-2HE441-FLURK2-D74KDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		